

## **PREGUNTA DE AER SOBRE O PLAN MADRUGA DO COLEXIO DE CESANTES**

PLENO 26 SETEMBRO 2013. ACTA 16/2013

“Dende a aparición do Plan Madruga, foron varios os centros educativos que se acolleron a el, é un servizo necesario hoxe en día en calquera Centro Educativo Infantil, xa que é un proxecto destinado a axudar ós pais e nais do Centro na conciliación da súa vida laboral co horario escolar dos seus fillos e fillas. Sen ir máis lonxe, no Concello de Redondela son varios os centros educativos que dispoñen deste servizo. O colexio de Cesantes dispón deste servizo grazas a insistencia da ANPA do mesmo centro, que o solicitou en reiteradas ocasións ao Concello de Redondela, concretamente á concelleira responsable deste servizo, Teresa París .

Dita concelleira cualificou de “mi boa” a iniciativa proposta pola ANPA. Teresa París comprometeuse a buscar unha familia que cumprira os requisitos propostos polo Concello para poder abrir e pechar o centro educativo, xa que dito plan require persoal para poder abrir as portas aos alumnos que demanden o Plan Madruga, e nese momentos o centro non dispoñía de persoal para estas tarefas.

Os meses pasaron, o Plan Madruga comeza pero non hai quen abra as portas do centro. A ANPA solicita unha reunión coa concelleira e co Alcalde de Redondela, reunión que a día de hoxe aínda está por concretar.

**Desexamos que este asunto se arranxe o antes posible e por todo o anterior preguntamos á concelleira de Ensino, Muller e Servizos Sociais:**

**Que solución lle vai dar a este problema?”**

*A concelleira París Blanco di que o Plan Madruga depende da disposición das ANPAS e de que a Xunta llelo autorice, ten que haber unha persoa que se faga cargo do servizo de apertura e peche*